

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2018/13

DATA: xoves 29 de novembro de 2018

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 22:43 h

PRESIDE

ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA

PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

INTERVENTORA

PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

BNG

TOBIAS BETANZOS REGO

XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA

ADELINA CES QUINTÁNS

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

RAQUEL GARCIA ABUÍN

PP

ELISA BOUZAS VICENTE

ADELA BECERRA MAYO

ADRIÁN VIDAL IGLESIAS

MARÍA JESUS GALBAN TEIJEIRO

PSdeG-PSOE

MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO

MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

Rianxo en Común-SON

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

ANTONIO CASTRO CASTRO

AUSENTES

PP

MARÍA VANESA MARTINEZ DURAN

PSdeG-PSOE

MARTÍN COMOJO VICENTE

ORDE DO DÍA

1. Aprobación Acta nº 12 /2018 do Pleno en sesión ordinaria do 25/10/2018
2. Dación de Conta das Resolúcións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
3. APROBACIÓN MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS. IBI E IVTM. 2019
4. APROBACIÓN MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS. IBI E IVTM. 2019
5. Recoñecemento extraxudicial 10/2018. Aprobación das facturas incluídas na relación F/2018/1015
6. MOCIÓN: reivindicación do 25 de novembro e a necesidade de meirandes recursos no ámbito local e xudicial para loitar contra a violencia machista.
7. MOCIÓN: Sobre o Sector Eléctrico
8. MOCIÓN: EN APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE ALCOA DEMANDANDO SOLUCIÓN AO ANUNCIADO PECHE
9. Moción: Confederación intersindical Galega - Unión Local As Rias
10. Moción PSOE: con motivo do día 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero.
11. Moción de Rianxo en Común: Apoio á Plataforma Defende a Galega
12. Moción Rianxo en Común: Apoio á mobilidade do estudantado rianxeiro
13. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000013 e identificado pola pegada dixital:

-380935490

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 APROBACIÓN ACTA Nº 12 /2018 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 25/10/2018

- A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 12/2018 de 25/10/2018.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 25/10/2018, Acta nº 12/2018.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta nos termos desta.

2 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A Presidencia informa as persoas asistentes da documentación do expediente.

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/10/2018 ata o 31/10/2018, que comprenden os números 838/2018 ao 953/2018, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 19 da Sesión ordinaria do día 08/10/2018
- Acta nº 20 da Sesión extraordinaria do día 25/10/2018

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

3 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

O imposto sobre Bens Inmobles é un tributo local de carácter obrigatorio, regulado esencialmente nos artigos 60 a 77 do real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nas ordenanzas fiscais aprobadas polas entidades locais, naqueles aspectos que o texto legal citado permite concreción ou desenvolvemento por cada corporación, en atención ao principio de autonomía local e de acordo coas potestades regulamentaria e tributaria propias dos entes territoriais.

O IBI é un imposto de xestión compartida, pois a Catastro correspóndelle a xestión catastral, na mentres que ás entidades locais desenvolven a xestión de carácter tributaria. A Ponencia de Valores do Municipio de Rianxo aprobouse no ano 2012, como resultado dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tras 23 anos de vixencia da ponencia anterior, debido ás diferencias substanciais entre os valores catastrais que recollía a mesma e os valores de mercado. Tras ese período, dende o ano 2016 o Concello pon en marcha un nun proceso de regularización catastral, que tivo por obxecto a detección de presupostos de feito non declarados, ou erróneos, e que cuxas altas foron executadas no pasado mes de setembro e incorporadas no vindeiro padrón do 2019.

O artigo 72 do TRLFL establece, os seguintes tipos mínimos e máximos do IBI:

Natureza	Tipo de gravame mínimo	Tipo de gravame máximo
IBI rústica	0,3 %	0,9 %
IBI urbana	0,4 %	1,10%
IBI BICES	0,4 %	1,30 %

Con anterioridade á entrada en vigor da Ponencia de Valores, os tipos impositivos do IBI eran do 0,55 por cento para os inmobles de natureza urbana, do 0,40 por cento para inmobles de natureza rústica e do 1,30 por cento para inmobles de características especiais. A partires do 1 de xaneiro de 2013 os tipos regulados na ordenanza fiscal do IBI eleváronse quedando fixados nun 0,605 por cento tanto para bens inmobles de natureza rústica como para bens inmobles de natureza urbana, permanecendo inalterado o tipo dos BICES. No exercicio 2014 e no 2015, o artigo 8 da Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade medioambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras, dispoñía literalmente o seguinte:

“1. Con efectos para los periodos impositivos que se inician en los años 2014 y 2015, los tipos de

gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles de los bienes inmuebles urbanos determinados con arreglo a lo dispuesto en el artículo 72 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, resultarán incrementados en los siguientes porcentajes:

a) El 10 por 100 para los municipios que hayan sido objeto de un procedimiento de valoración colectiva de carácter general para bienes inmuebles urbanos como consecuencia de una ponencia de valores total aprobada con anterioridad al año 2002, no pudiendo resultar el tipo de gravamen mínimo y supletorio inferior al 0,6 por 100.

b) El 6 por 100 para los municipios que hayan sido objeto de un procedimiento de valoración colectiva de carácter general para bienes inmuebles urbanos como consecuencia de una ponencia de valores total aprobada entre 2002 y 2004, no pudiendo resultar el tipo de gravamen mínimo y supletorio inferior al 0,5 por 100.

c) El 4 por 100 para los municipios que hayan sido objeto de un procedimiento de valoración colectiva de carácter general para bienes inmuebles urbanos como consecuencia de una ponencia de valores total aprobada entre 2009 y 2012.

Lo dispuesto en el presente apartado únicamente se aplicará en los siguientes términos:

- A los inmuebles de uso no residencial, en todo caso, incluidos los inmuebles gravados con tipos diferenciados a que se refiere el artículo 72.4 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

- A la totalidad de los inmuebles de uso residencial a los que les resulte de aplicación una ponencia de valores total aprobada con anterioridad al año 2002.

- A los inmuebles de uso residencial a los que les resulte de aplicación una ponencia de valores total aprobada en el año 2002 o en un año posterior, y que pertenezcan a la mitad con mayor valor catastral del conjunto de los inmuebles del municipio que tengan dicho uso.

2. En el supuesto de que el tipo aprobado por un municipio para 2014 o 2015 fuese inferior al aprobado para 2011, en el año en que esto ocurra se aplicará lo dispuesto en este artículo tomando como base el tipo aprobado para 2011. No obstante, cuando se trate de municipios en los que se haya aprobado una ponencia de valores total en el año 2012, se tomará como base el tipo aprobado para 2013 cuando fuera superior al aprobado para 2014 o 2015."

A medida anterior supuxo unha suba do tipo de gravame aplicable aos inmobles de natureza urbana de uso residencial cuxo valor catastral excedera da mediana, así coma en todos os inmobles de natureza urbana de uso non residencial, que ascendeu do 0,605 por cen ao 0,6292 por cen, respectivamente.

No exercicio 2016, os tipos de gravame minoráronse ata un 0,59% para os bens de natureza rústica e urbana. E no exercicio 2017 pasaron descenderon ata o 0,57%.

Para o exercicio 2018 non existiu normativa estatal básica que impedira a minoración de tipos de gravame, polo que o goberno municipal acordou a baixada de tipos (0,55%, 0,555 e 1,3%), continuando coa senda iniciada no exercicio 2016, e a revisión da regulación da bonificación por familia numerosa.

A evolución dos tipos de gravame dende o exercicio 2012 ata o 2018 foi a seguinte:

Ano/Natureza do ben inmovible	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Urbana	0,55 por cento	0,605 por cento	0,605 < mediana 0,6292 > mediana	0,605 < mediana 0,6292 > mediana	0,59 por cento	0,57 por cento	0,55 por cento
Rústica	0,40 por cento	0,605 por cento	0,605 por cento	0,605 por cento	0,59 por cento	0,57 por cento	0,55 por cento
BICES	1,30 por cento	1,30 por cento	1,30 por cento	1,30 por cento	1,30 por cento	1,30 por cento	1,30 por cento

Para o exercicio 2019 é o desexo do equipo de goberno continuar a tendencia e compensar en parte o incremento das bases liquidables por mor da ponencia vixente para o período 2012-2022, e polo tanto, tendo en conta os informes de Secretaría-Intervención e Tesourería emitidos con data 21 de novembro de 2018, propónse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro: a tramitación de urxencia para a modificación da ordenanza fiscal municipal reguladora do Imposto de Bens Inmóveis tendo en conta que o prazo para a tramitación ordinaria resulta insuficiente para a aprobación, publicación e entrada en vigor da modificación no prazo legalmente disposto 01/01/2019, e tratándose do tributo municipal de maior peso sobre a veciñanza, e en base o regulado no Artigo 33 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, que establece:

“1. Cando razóns de interese público aconsélleno, poderase acordar, de oficio ou a petición do interesado, a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

2. Non caberá recurso algún contra o acordo que declare a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.”

Segundo: modificar o artigo 2º da ordenanza fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis e a disposición derradeira, de acordo co seguinte tenor literal:

“Artigo segundo

a) Tipo de gravame do imposto sobre bens inmóveis aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,54 por cento.

b) Tipo de gravame do imposto sobre bens inmóveis aplicable ós bens de natureza rústica queda

fixado no 0,54 por cento.

c) O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles aplicable os bens inmobles de características especiais, definidos no artigo 2.7 da Lei 48/2.002, do 23 decembro, Lei do catastro inmobiliario, e sitios no termo municipal de Rianxo, queda fixado no 1,3 por cento.

(...)

Disposición Final

A presente Ordenanza foi modificada polo Pleno na sesión do día 29 de novembro de 2018, entrando en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e xurdindo efectos dende o 1 de xaneiro de 2019, ata que se acorde a súa modificación ou derogación.”

Terceiro: Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL e artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Cuarto: De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerárase definitivamente aprobada.

Quinto: O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e do BOP.”

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

4 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co establecido no artigo 15 en concordancia co artigo 59.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, regula neste termo municipal o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, que se rexerá pola Ordenanza fiscal Nº 3 e cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 92 a 99 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un Tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

Os concellos poderán incrementar as cotas fixadas na Lei mediante a aplicación sobre elas dun coeficiente, o cal non poderá ser superior a 2. Os concellos poderán fixar un coeficiente para cada unha das clases de vehículos previstas no cadro de tarifas o cal poderá ser, á súa vez, diferente para cada un dos tramos fixados en cada clase de vehículo, sen exceder en ningún caso o límite máximo fixado no parágrafo anterior.

Para o exercicio 2019 é o desexo do equipo de goberno actualizar as tarifas municipais tras anos de conxelación tributaria en canto ao traslado á recadación municipal dunha porcentaxe equivalente á subida do Índice de Prezos ao Consumo interanual para o período 10-2017/10-2018 (INE 2,3%), e sendo o IVTM xunto co IBI a figura tributaria de maior peso na recadación municipal, polo tanto, tendo en conta os informes emitidos pola Secretaría-Intervención e Tesourería con data 21 de novembro de 2018, propónse á Comisión Informativa de Facenda, o dictamen favorable da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro: a tramitación de urxencia para a modificación da ordenanza fiscal municipal Nº 3 reguladora neste termo municipal o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica tendo en conta que o prazo para a tramitación ordinaria resulta insuficiente para a aprobación, publicación e entrada en vigor da modificación no prazo legalmente disposto 01/01/2019, e tratándose dun tributo municipal de grande peso sobre a recadación municipal, e en base o regulado no Artigo 33 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, que establece:

“1. Cando razóns de interese público aconsélleno, poderase acordar, de oficio ou a petición do interesado, a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

2. Non caberá recurso algún contra o acordo que declare a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.”

Segundo: modificar o artigo 2º da ordenanza fiscal número 3 reguladora neste termo municipal o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e a disposición derradeira, de acordo co seguinte tenor literal:

“Artigo segundo

De conformidade co artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello fixa o coeficiente de incremento, no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, sobre as cotas orixinais establecidas no citado artigo 95.1 do mesmo texto legal, nos seguintes termos:

Tipo vehículo	Cota	Coef	Tarifa
TURISMO MENOS 8 HP	12,62 €	1,4132	17,84 €
TURISMO DE 8 A 11,99 HP	34,08 €	1,4132	48,16 €
TURISMO DE 12 A 15,99 HP	71,94 €	1,4132	101,67 €
TURISMO DE 16 A 19,99 HP	89,61 €	1,5135	135,62 €
TURISMO DE 20 HP EN DIANTE	112,00 €	1,5135	169,51 €
AUTOBUS MENOS 21 PLAZAS	83,30 €	1,4132	117,72 €
AUTOBUS DE 21 A 50 PLAZAS	118,64 €	1,4132	167,67 €
AUTOBUS MAIS DE 50 PLAZAS	148,30 €	1,4132	209,58 €
CAMION MENOS DE 1.000 KG	42,28 €	1,4132	59,75 €
CAMION DE 1.000 A 2.999 KG	83,30 €	1,4132	117,72 €
CAMION DE 2.999 A 9.999 KG	118,64 €	1,4132	167,67 €
CAMION MAIS DE 9.999 KG	148,30 €	1,4132	209,58 €
TRACTOR MENOS 16 HP	17,67 €	1,4132	24,97 €
TRACTOR DE 16 A 25 HP	27,77 €	1,4132	39,25 €
TRACTOR MAIS DE 25 HP	83,30 €	1,4132	117,72 €
REMOLQUE MENOS 1.000 KG	17,67 €	1,4132	24,97 €
REMOLQUE DE 1.000 A 2.999 KG	27,77 €	1,4132	39,25 €
REMOLQUE MAIS DE 2.999 KG	83,30 €	1,4132	117,72 €
CILOMOTOR	4,42 €	1,4132	6,25 €
MOTOCICLETAATA 125CC	4,42 €	1,4132	6,25 €
MOTOCICLETA DE 125 A 250CC	7,57 €	1,4132	10,70 €
MOTOCICLETA DE 250 A 500CC	15,15 €	1,4132	21,41 €
MOTOCICLETA DE 500 A 1.000 CC	30,29 €	1,5135	45,84 €
MOTOCICLETA MAIS DE 1.000 CC	60,58 €	1,5135	91,69 €

(...)

Disposición Final

A presente Ordenanza foi modificada polo Pleno na sesión do día 29 de novembro de 2018, entrando en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e xurdindo efectos dende o 1 de xaneiro de 2019, ata que se acorde a súa modificación ou derogación."

Terceiro: Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL e artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Cuarto: De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerárase definitivamente aprobada.

Quinto: O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e do BOP."

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

5 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL 10/2018. APROBACIÓN DAS FACTURAS INCLUÍDAS NA RELACIÓN F/2018/1015

Expte.: 2018/G006/000384

Co fin de ir tramitando as facturas do exercicio 2017 pero que tiveron entrada no concello no exercicio actual e que deben aprobarse por Pleno, elaborouse a relación F/2018/1015.

O 21/11/2018 a Intervención Municipal emitiu informe de fiscalización IR 60/2018 coas seguintes conclusións:

“4. CONCLUSIÓN

Facturas con informe favorable:

Observacións que non son motivo de reparo:

Facturas con reparo suspensivo: Todas

1. Falta de cumprimento do requisito de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da realización do gasto

O requisito de existencia de crédito non se verificou no momento da realización da actuación, pero si a data de hoxe.

Facturas sen reparo suspensivo:

O órgano competente para a resolución do reparo, no seu caso, é, de acordo co artigo 217 TRLFL:

O alcalde

O Pleno”

Tendo en conta a doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto, aplicable a estes supostos, xa que se trata de prestación realizadas de conformidade co concello, procede tramitar a aprobación e pagamento das facturas correspondentes, para evitar maior demora no seu abono.

A competencia para a aprobación deste expediente correspóndelle ao Pleno, de acordo coa base de execución 14ª.c) do orzamento

Esta Alcaldía PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DESTE ACORDO:

PRIMEIRO

Resolución e levantamento do reparo suspensivo IR 60/2018 emitido pola Intervención o 21/11/2018 no sentido de continuar coa tramitación do expediente de recoñecemento

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

extraxudicial 10/2018.

SEGUNDO

Aprobar o gasto, a súa disposición e o recoñecemento de obrigas dos gastos anteriores mediante recoñecemento extraxudicial 10/2018, con imputación ás aplicacións orzamentarias indicadas na táboa.

RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/1015

Nº Rex.	Data	Nº Doc.	Data Doc.	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe Total
F/2018/480	05/02/18	Rect-Emit-1916	02/12/17	B70253687	Neumaticos Milocho, S.L.	ARRANXO VEHICULOS	9203	21400	4.610,39 €
F/2018/648	08/02/18	003/18	07/02/18	G15847478	Escola de Musica de Rianxo	ACTUACION BANDA DE MUSICA NAS FESTAS DE GUADALUPE 2017	338	22609	2.000,00 €
F/2018/2033	31/05/18	X-A- 51758	31/10/17	A15204449	Comercial Duarte, S.A.	REPARAR CORTACESPED E ALQUILER DESBROZADORA			301,48 €
F/2018/2877	27/07/18	1 702096	31/12/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	Saco de cemento 25 kg	9203	22114	17,00 €
F/2018/2965	01/08/18	Emit- 2	01/08/18	B70115977	LIMIAR ARQUITECTOS, S.L.	DIRECCION DAS OBRAS DE MANTENIMENTO EN EDIFICIOS MUNICIPAIS SOCIAIS: CENTRO SOCIOCULTURAL DE ISORNA E TRES MAIS	933	63300	1.355,20 €
F/2018/3056	11/08/18	FE1813701 3238444	02/07/18	A65067332	Gas Natural S.U.R.	ALUMEADO PUBLICO. COVIÑA. DENDE O 07-10-2017 Ó 31-10-2017	165	22100	350,80 €
F/2018/3058	11/08/18	FE1813701 3238391	02/07/18	A65067332	Gas Natural S.U.R.	ALUMEADO PUBLICO. COVIÑA. DENDE O 01-10-2018 Ó 06-10-2017	165	22100	6,26 €
F/2018/3120	11/08/18	FE1813701 3238500	02/07/18	A65067332	Gas Natural S.U.R.	ALUMEADO PUBLICO. A COBIÑA. NOVEMBRO 2017	165	22100	515,25 €
F/2018/3303	10/07/18	17/18R	01/11/17	44836418B	NELLY REY REY	PROCESO DE COACHING PARA USUARIOS SERVICIOS SOCIAIS DENDE O 08-02-2017 Ó 27-12-2017 (R.E. 4357)	231	22799	6.897,00 €
F/2018/3350	30/08/18	1604 160431964 8	30/11/16	F20025318	Orona S.Coop.	Contrato/PR: 4047000735 RAE: 20233 PZ GUADALUPE S/N PARKING PARKING Contrato/PR: LUMINLUX T8 18W/865 (FC) Periodo: 11/20	133	21300	13,96 €
F/2018/3653	13/09/18	17 000164	31/01/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MT TUBO SANIT ""B"" DE 160 Y / MT TUBO SN-2 160 C/ JUNTA	9203	22114	35,70 €
F/2018/3654	13/09/18	17 000166	31/01/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	CHAPA FIBROC. 2,50 m FIBROLITE / M.L. BANDA BUTILO ROJO 30 cm	9203	22114	141,00 €
F/2018/3655	13/09/18	17 000167	31/01/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	BALANCIN DESCARGA CISTERNA ALTA / GOMA CIERRE DESCARGA CISTERNA / SACO DE CEMENTO 25 Kg / M2 TERRAZO ACERAS 33X33 GRIS H	9203	22114	38,27 €
F/2018/3658	13/09/18	17 000334	28/02/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MT TUBO POLIET 25x10 AGUA POTAB	9203	22114	78,61 €
F/2018/3659	13/09/18	17 000331	28/02/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	AISREC LAMINA TRANSP IT140. M2 / CAPAZO DE GRAVILLON / LADRILLO DOBLE-CUBO.x 100 / FIJACION PORESPAN 8x90	9203	22114	111,56 €
F/2018/3660	13/09/18	17 000336	28/02/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	SACO DE CEMENTO 25 Kg	9203	22114	17,00 €
F/2018/3661	13/09/18	17 000489	31/03/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	SACO 25 Kg MORTERO MPG / SACO DE CEMENTO 25 Kg / M2 TERRAZO ACERAS 33X33 BLANCO / PALETS / SACO DE CEMENTO 25 Kg / SACO	9203	22114	278,59 €
F/2018/3662	13/09/18	17 000491	31/03/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	SACO DE CEMENTO 25 Kg	9203	22114	27,20 €
F/2018/3663	13/09/18	17 000490	31/03/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	M2 MALLA REPARTO 30/20 5Y / SACO 25 Kg MORT EP2 ENCINT OSC /	9203	22114	43,05 €

						SIKAMOR A . BOTE 2 Litros / SIKA 4-A . BOTE 2 Kg			
F/2018/3664	13/09/18	17 000492	31/03/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	CHAPA FIBROC. 3,00 m FIBROLITE / TORNILLO BARRAQ 8x120 Equipado / CHAPA SEGURIDAD+GOMA / TORNILLO ANCLAJE EXPANS 6x120	9203	22114	81,61 €
F/2018/3665	13/09/18	17 000630	30/04/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	SACO DE CEMENTO 25 Kg / SACO DE CEMENTO 25 Kg / M2 MALLA REPARTO 30/20 5Y	9203	22114	64,37 €
F/2018/3666	13/09/18	17 000632	30/04/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	SACO ARENA GRUESA / SACO (Envase) / SACO DE CEMENTO 25 Kg / SACO CTO COLA P COMPACT FLEX / ARENA	9203	22114	158,63 €
F/2018/3668	13/09/18	17 000638	30/04/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MT TUBO SN-8 315 Y CORRUG POLIETILE	9203	22114	214,53 €
F/2018/3669	13/09/18	17 000633	30/04/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	LADRILLO SEMIMACIZO 24x11,5x10 (100 / SACO 25 Kg MORTERO M 7.5 GRIS MASAV / SIKAFLEX CRYSTAL CLEAR. CARTUCHO / FONDO DE	9203	22114	73,42 €
F/2018/3670	13/09/18	17 000634	30/04/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	LADRILLO SEMIMACIZO 24x11,5x10 (100 / HORMIGON HS-25 . S/ 30 kg	9203	22114	53,72 €
F/2018/3671	13/09/18	17 000636	30/04/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	SACO ARENA GRUESA / SACO ARENA MEDIANA / SACO (Envase) / SACO DE CEMENTO 25 Kg	9203	22114	104,24 €
F/2018/3672	13/09/18	17 000637	30/04/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	SACO DE CEMENTO 25 Kg / SACO ARENA GRUESA / SACO ARENA MEDIANA / SACO (Envase) / SACO (Envase) / SACO ARENA MEDIANA / SA	9203	22114	328,53 €
F/2018/3673	13/09/18	17 000639	30/04/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	M2 TERRAZO ACERAS 33X33 GRIS H / SACO CTO COLA P COMPACT FLEX / M2 TERRAZO ACERAS 33X33 GRIS H / ARENA	9203	22114	78,63 €
F/2018/3674	13/09/18	17 000843	31/05/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	SACO 25 Kg MORT EP2 ENCINT OSC	9203	22114	11,10 €
F/2018/3675	13/09/18	17 000844	31/05/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	ARQUETILLA AGUA POTABLE FUDUR	161	62300	23,72 €
F/2018/3676	13/09/18	17 000845	31/05/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	JUEGO BISAG ACETATO ASIEN TO VICTORI	9203	22111	3,81 €
F/2018/3957	27/09/18	17 000847	31/05/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	BORDILLO JARDIN 100x20x 8 ROMO / SACO DE CEMENTO 25 Kg	9203	22114	39,24 €
F/2018/3958	27/09/18	17 001017	30/06/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	M3 ARENA ENTREFINA / M3 ARENA GRUESA / SACO DE CEMENTO 25 Kg	9203	22114	45,81 €
F/2018/3959	27/09/18	17 001018	30/06/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	M2 MALLA REPARTO 30/20 5Y	9203	22114	100,62 €
F/2018/3978	28/09/18	17 001232	31/07/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	SACO DE CEMENTO 25 Kg	9203	22114	17,00 €
F/2018/3979	28/09/18	17 001391	31/08/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	SACO DE CEMENTO 25 Kg / TAPA FUNDICION C/M 40x40 TH34 C-250 / ARENA / TAPA FUNDICION C/M 40x40 TH34 C-250 / M2 TERRAZO A	9203	22114	158,10 €
F/2018/3980	28/09/18	17 001551	30/09/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	M2 PIEDRA PAIS PLANCHON 3 PICADA / SIKABOOM TEJA.B/ 750 PISTOLA	9203	22114	577,87 €
F/2018/3981	28/09/18	17 001555	30/09/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	M2 TERRAZO ACERAS 33X33 GRIS H / SACO CTO COLA FLEXIBLE C2TES1 IBRIC / TAPA FUNDICION C/M 40x40 D-400 FUDR / TAPA FUNDIC	9203	22114	162,84 €
F/2018/3982	28/09/18	17 001557	30/09/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	M2 TERRAZO ACERAS 33X33 GRIS H / ARQUETA S/FONDO 30*30 / TAPA FUNDICION C/M 40x40 C-250 FUDR	9203	22114	55,76 €
F/2018/3983	28/09/18	17 001558	30/09/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	ARQUETA S/FONDO 40x40X40 / TAPA FUNDICION C/M 50x50 D-400 REY / SACO DE CEMENTO 25 Kg	9203	22114	114,48 €
F/2018/3984	28/09/18	17 001559	30/09/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	SACO DE CAL 16kg	9203	22114	8,51 €

F/2018/3985	28/09/18	17 001560	30/09/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	M2 TERRAZO ACERAS 33X33 GRIS H / M2 TERRAZO ACERAS 33X33 BLANCO / SACO DE CEMENTO 25 Kg	9203	22114	42,54 €
F/2018/3986	28/09/18	17 001561	30/09/17	B15099963	Felipe Ces, S.L.	SACO DE CEMENTO 25 Kg	9203	22114	13,60 €
								IMPORTE TOTAL:	19.371,00 €

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 6 votos a favor (6 membros do grupo BNG), 2 votos en contra (2 membros de Rianxo en Común) e 7 abstencións (dos 4 membros do grupo PP e 3 membros do grupo PSOE) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

6 MOCIÓN: REIVINDICACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO E A NECESIDADE DE MEIRANDES RECURSOS NO ÁMBITO LOCAL E XUDICIAL PARA LOITAR CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2018 ten sido un ano importante para o feminismo, que foi quen de mobilizar cun éxito histórico unha folga nos ámbitos laborais, de consumo e de coidados o pasado 8 de marzo. Sen dúbida algunha, unha data chamada a marcar un antes e un despois na nosa historia, xa que a sociedade esixiu que todos e todas pisemos o acelerador.

A vixencia da desigualdade, que ten a súa evidencia máis salvaxe nas violencias machistas contra as mulleres, debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin e situar o seu combate como un mandato de primeira orde os 365 días do ano. Só no que vai de 2018 foron asasinadas no noso país tres mulleres, unha situación insostíbel para calquera sociedade que se considere democrática, pois estamos a falar do máis elemental dos dereitos humanos, o dereito á vida, furtado pola violencia máis extrema do patriarcado.

Cada 25 de novembro debemos saír ás rúas para denunciar a vixencia da violencia e facer un recoñecemento do traballo de mobilización e visibilización das organizacións feministas do seu país, sen ese traballo moitas demandas non chegarían a unha parte importante das institucións e da sociedade para facemos avanzar.

Así mesmo, neste contexto debemos examinar aqueles ámbitos máis débiles que requiren da

nosa actuación inmediata. Durante este 2018 evidenciáronse as moitas carencias que ten aínda unha xustiza tremendamente patriarcal, Casos como o da Manada desataron a nosa rabia e a contestación social, non só con importantes manifestacións no noso país, tamén coa repulsa de concellos e institucións de diversas cores políticas. Porén, a rabia non pode ficar nunha cuestión declarativa. Debemos pensar colectivamente nas melloras que precisa un ámbito tan elemental como o da xustiza.

Aínda sendo fundamental o papel que tiveron a lei estatal de violencia do 2004 e a galega do 2007, a ninguén se lle escapa que quedan moitas lagoas no seu cumprimento e desenvolvemento. Un dos ámbitos máis delicados é o xudicial. Se ben este marco, o nacemento no ano 2005 de xulgados especializados e outros pasos teñen sido moi importantes na vida de moitas mulleres, tamén é certo que debemos atallar as súas deficiencias con maior dilixencia. É clave un desenvolvemento pleno e máis xusto do marco legal, para que este non se queden nunha mera declaración formal e se proceda a súa aplicación material. Nese sentido a creación dunha unidade específica de Violencia Machista no ámbito da Dirección xeral de xustiza encargada de facer cumprir as leis contra a violencia de xénero facilitaría unha maior fiscalización, seguimento e mellora. Vistos os casos que nos teñen escandalizado neste 2018 é obvio que cuestións tan elementais como a formación dos operadores xurídicos ou a habilitación de espazos seguros e íntimos para as vítimas son aínda incumplidos dunha forma que non é tolerábel.

Transformar a sociedade reducindo a fortaleza do patriarcado e superar todas as manifestacións de desigualdade e violencia que sofren as mulleres é unha tarefa complexa que require de todo o noso compromiso, tanto como institución municipal como á hora de sermos esixentes coas demais administracións implicadas.

Cada ano máis 5000 mulleres acudan aos xulgados galegos a poñer denuncias, e isto é só a punta do iceberg. Estímase que só un 20% dos casos chega aos xulgados, polo que sería unha irresponsabilidade deitar exclusivamente neste ámbito as actuacións.

Por iso, un dos aspectos máis importantes é avanzar na sensibilización social. Neste aspecto os concellos temos un papel clave, non exclusivo pero importantísimo, á hora de comunicar coa veciñanza.

Recentemente o goberno central publicaba no BOE do 3 de agosto o Real Decreto-lei 9/2018 de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Neste incluía a recuperación dos concellos de competencias na materia, pasando a engadirse no seu haber a "Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero." Desde o BNG preocupámonos que esta tan anunciada e publicitada competencia non veña acompañada dun financiamento suficiente nin duns criterios de reparto adaptados á realidade do noso país.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a

adopción do seguinte:

ACORDO

1. Expresar o recoñecemento da Corporación ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego ao longo de 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organizacións feministas galegas.

2. Expresar a nosa vontade de sumar desde a administración local a prol da erradicación da violencia machista, para o que se solicita da Xunta de Galiza que demande do goberno central o incremento substancial das contías destinadas á administración local nos Orzamentos do Estado de 2019, así como a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país

3. Demandar da Xunta de Galiza a creación dunha Unidade de Violencia Machista específica integrada na Dirección Xeral de Xustiza encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista. Dita unidade contará, como mínimo, cos seguintes obxectivos a desenvolver:

- **Impulsar xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades e avanzar nunha comarcalización dos xulgados acorde coa realidade do noso país e que garanta a igualdade do dereito de atención independentemente do lugar de residencia. Promover o tratamento dos delitos sexuais neste tipo de xulgados especializados.**
- **Promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como unha forma de violencia machista, conforme recolle a lei galega, prestando atención ás súas especificidades.**
- **Garantir a formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervéñ no proceso xudicial, incluídos equipos forenses e psicosociais.**
- **Evitar a violencia institucional, por exemplo, gravando as declaracións das mulleres para que non teñan que repetila, unha e outra vez, ao longo de todo o proceso de denuncia.**
- **Garantir os espazos separados de declaración e agarda para evitar o contacto de vítimas e agresores así como dotar dos medios necesarios as oficinas de atención á vítima.**
- **Incluír nas avaliacións de risco avaliación do agresor para mellorar a eficacia á hora de adoptar as medidas de protección tanto das mulleres como das e dos menores.**
- **Dotar os servizos de garda dos xulgados de persoal especializado para atender as denuncias de violencia machista.**

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

7 MOCIÓN: SOBRE O SECTOR ELÉCTRICO

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O nacionalismo galego defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha mera mercadoría legalizada polos gobernos centrais de PP e PSOE. Do mesmo xeito, o subministro de enerxía debe ter a concepción de servizo público e o seu acceso debe ser un dereito garantido para todas as persoas por riba dos intereses económicos do oligopolio eléctrico. Porén, na actualidade, o sistema funciona en liñas totalmente contrarias a estes principios, favorecendo un prezo final da enerxía eléctrica imposible de soportar para moitos fogares e tamén para o tecido económico e produtivo de Galiza.

Un factor fundamental é que o actual sistema de xeración de prezos é totalmente opaco e inxusto. Mediante un mecanismo de poxa o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que posto que existen tecnoloxías que producen a uns custos moi diferentes, acabe marcando o prezo de forma habitual unha das tecnoloxías máis caras. Isto dá como resultado que se xeren os coñecidos no propio sector como "beneficios chovidos do ceo", especialmente no caso de tecnoloxías case ou totalmente amortizadas, como sucede coas hidroeléctricas e a enerxía nuclear. Por poñer un exemplo, no último ano completo (2017) as tres maiores compañías eléctricas que operan no Estado español (Iberdrola, Endesa e a actual Naturgy) obtiveron uns beneficios 5.627 millóns de euros, un 3% máis que no exercicio anterior malia que 2017 foi un ano de seca que impactou de forma negativa en termos hidrolóxicos.

Por outra banda, hai que engadir que a electricidade ten unha fiscalidade absolutamente disparatada e excesiva, o que tamén incrementa o prezo final. Por exemplo, o prezo da electricidade ademais de ter diferentes impostos que se solapan, atópase no tramo mais elevado do IVE, no 21%, sendo un dos máis altos de Europa ao tempo que cuestións non básicas como as touradas ou un coche de luxo teñen un gravame menor. A única razón para que o IVE non se reduza é o afán de recadación do Estado.

Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas,

moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adxudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Con este modelo, mentres Estado e eléctricas aumentan os seus beneficios e Galiza exporta enerxía, no noso país hai máis de 442.000 persoas que declaran non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada e a taxa de risco da pobreza incrementou nun 12,15% dende o 2009. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono social do Estado nin o ticket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación.

Non é de recibo que por riba de non beneficiármonos de producir, grazas ás políticas enerxéticas do Partido Popular, Galiza vaia pagar a factura máis cara do Estado. A posibilidade de introducir suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraba na Lei do Sector Eléctrico do ano 1997 e na vixente de 2013. Porén, foi a aprobación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de Rajoy o que converteu o que a Lei recollía como posibilidade en obrigatorio para o 2013. Resultado disto as eléctricas recorreron e o Tribunal Supremo deulles a razón en distintas sentenzas. Como resultado, vaise repercutir o recadado en varios impostos nas facturas dos galegos e galegas para recadar arredor de 38 millóns de euros. Isto é un absoluto disparate, quen produce paga máis que quen non e as galegas e galegos imos recibir o tarifazo máis grande do Estado.

Desde o BNG defendemos que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto a falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si é posíbel avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen tantos anos de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corrixir un agravio histórico e por xustiza social.

Por todas estas cuestións, é imperativo demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estean cubertas as necesidades sociais e económicas dun país coma o noso, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparelados elevados custos sociais e medioambientais que deben semos compensarnos.

Neste sentido, unha tarifa eléctrica galega que abarate vía peaxes o prezo final da enerxía no noso país axudaría a democratizar o acceso á enerxía para todas as persoas e, asemade, contribuiría a asentar o tecido industrial e económico do país, frear a deslocalización e evitar a

nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal adopción do seguinte:

ACORDO

- 1. A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre Electricidade do 21% ao 4%.**
- 2, Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.**
- 3. Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.**

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), 4 votos en contra (dos 4 membros do grupo PP) e cero abstencións dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA coa seguinte emenda presentada polo grupo municipal Rianxo en Común:

- 1. A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre Electricidade do 21% ao 4%.**
- 2, Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.**
- 3. Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.**

4. Pedir ó rescate das concesións de produción de enerxía que remataron o período de vixencia.

8 MOCIÓN: EN APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE ALCOA DEMANDANDO SOLUCIÓN AO ANUNCIADO PECHE

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado L7 de outubro a empresa Alcoa comunicou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña.

O grupo conta na Coruña con preto de 400 traballadores e traballadoras, polo que a consumación do peche tería un enorme impacto na cidade e na súa contorna, ademais de contribuír á perda de tecido industrial en Galiza.

Unha das razóns fundamentais do peche vén sendo o prezo da factura da luz, que supón máis do 40% dos custos de produción. Unha evidencia máis de que a defensa que fai o nacionalismo da necesidade de mudar o sistema de paxas de interrompibilidade por un marco máis estábel, demanda tamén do propio sector electrointensivo, así como promover unha tarifa eléctrica galega que dea vantaxes competitivas ás empresas radicadas no noso país, están de extrema actualidade.

Poñer solución a esta crise e aos graves problemas que supón o marco eléctrico por inestábel e polo constante incremento do prezo depende de decisións políticas.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Expresar o apoio aos traballadores e traballadoras de Alcoa e ás súas mobilizacións.

1. Demandar da Xunta de Galiza a realización de todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galiza, a comezar por:

2. Solicitar inmediatamente da multinacional a retirada do ERE de extinción de emprego.

2. Promover a constitución dunha mesa de negociación para loitar pola continuidade da empresa na que se dea participación ao cadro de persoal, entidades sociais e

administracións comprometidas coa súa permanencia.

3. Negociar co goberno central un marco enerxético estábel para a industria do noso país que permita unha tarifa eléctrica galega que mellore a nosa competitividade por sermos produtores excedentarios de enerxía, contribuíndo ao abaratamento da factura destas industrias baixo o cumprimento dunha serie de compromisos de investimento e mantemento dos postos de traballo.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda do grupo municipal PP, quedando redactado o acordo da seguinte forma:

ACORDO

1. Expresar o apoio aos traballadores e traballadoras de Alcoa e ás súas mobilizacións.

1. Demandar da Xunta de Galiza a realización de todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galiza, a comezar por:

2. Solicitar inmediatamente da multinacional a retirada do ERE de extinción de emprego.

2. Promover a constitución dunha mesa de negociación para loitar pola continuidade da empresa na que se dea participación ao cadro de persoal, entidades sociais e administracións comprometidas coa súa permanencia.

3. Negociar co goberno central un marco enerxético estábel para a industria do noso país que permita unha tarifa eléctrica galega que mellore a nosa competitividade por sermos produtores excedentarios de enerxía, contribuíndo ao abaratamento da factura destas industrias baixo o cumprimento dunha serie de compromisos de investimento e mantemento dos postos de traballo.

4. Que poña en marcha e antes da finalización da anualidade orzamentaria 2018 as compensacións previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 por importe de 150 millóns de euros. E súas compensacións deberán estar condicionadas a inversións para viabilidade tecnolóxica futura das factorías e o mantemento do emprego.

5. Que, para o exercicio 2019 e seguintes, se implante un novo réxime de compensación por custos adicionais incluídos no prezo da electricidade soportados pola industrias electro-

intensivas, E súas compensacións deberán estar condicionadas a inversións para a viabilidade tecnolóxica futura das factorías e o mantemento do emprego.

6. Que para os anos sucesivos se establezan todos os mecanismos de compensación necesarios, previo acordo coas Comunidades Autónomas afectadas, para que este tipo de industrias compitan en igualdade de condicións coas súas homólogas europeas. Estas compensacións deberán estar condicionadas a inversións para a viabilidade tecnolóxica futura das factorías e o mantemento do emprego.

7. Demandar a empresa Alcoa a súa reconsideración e retirada do expediente de extinción de emprego sobre a totalidade da plantilla na súa factoría de A Coruña, tentado buscar solucións entre todos os axentes políticos, económicos e sociais afectados, e a abrir unha mesa de negociación con todas as partes implicadas para buscar unha solución. Solucións que teñen que presentar liñas de actuación adecuadas e de futuro que garantan o mantemento da produción e o emprego en factoría de A Coruña.

9 MOCIÓN: CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA - UNIÓN LOCAL AS RIAS

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Xoán Fco. Garcia Suárez, con D.I.: 33.260.14-M, maior de idade, en calidade de Secretario Local da Confederación intersindical Galega (CIG), e con domicilio a efectos de notificación arriba sinalado, por medio do presente escrito, EXPÓN:

-A Executiva Local da CIG As Rias, en reunión celebrada en data de 14 de novembro de 2018, acordou entre outros asuntos o seguinte:

-instar ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de Rianxo á aprobación dos seguintes acordos:

1º.- Redacción e publicación dunha Declaración institucional con motivo da celebración o Día 25 de novembro do Día internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres.

2º.- Incluír nesta Declaración institucional o rexeitamento á actitude da Confradía de Pescadores Virxe do Carne de Rianxo, ao converter en fixo ésta entidade a un empregado con contrato temporal, condenado éste por sentenza xudicial por acoso sexual a unha compañeira de traballo, destacando que a súa conversión en fixo realizouse por acordo da Xunta Xeral da Confradía en reunión de 28 de setembro, cando xa existía sentenza condenatoria, ignorando de xeito flagrante o disposto na Lei Orgánica 32/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e

homes, especialmente no seu Título III,

3º.- Instar á Xunta Xeral da Confradía de Pescadores de Rianxo á reflexión deste acordo, por entender que non se pode premiar a un acosador de nengun xeito e menos desde unha entidade representativa socialmente e sustentada con fondos públicos.

4º.- Facer un chamamento público a participar na protesta que a tal efecto ten convocada a CIG para o día 22 de novembro ás 20.00 horas diante do edificio municipal.

O alcalde propón votar a Declaración Institucional presentada

Sométese a VOTACIÓN a Declaración Institucional, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PP e 2 membros do grupo Rianxo en Común), cero votos en contra e 3 abstencións (dos 3 membros do grupo PSOE), dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, resulta APROBAR a seguinte declaración institucional:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL AO ABEIRO DUNHA MOCIÓN DO SINDICATO CIG SOBRE UNS FEITOS ACONTECIDOS NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE RIANXO.

Cada 25 de novembro saímos ás rúas denunciando a vixencia da violencia machista e o compromiso coa súa erradicación na nosa sociedade. Tamén en Rianxo.

Desde os centros de ensino, os comercios, os clubs deportivos, as institucións... todos e todas reivindicamos un mundo e un Rianxo onde as mulleres sexan libres e vivas. Estamos diante unha tarefa complexa que require de toda a nosa implicación activa, tanto como institución municipal como á hora de sermos esixentes coas demais administracións e ámbitos da nosa competencia. Non podemos mirar para outro lado cando cada ano máis de 5000 mulleres acoden aos xulgados galegos a poñer denuncias. Non cabe a nosa complicidade cando acontece nun portal veciño, nunha empresa, nun colectivo social, ao noso carón. O silencio tórnase cómplice e non queremos selo.

Por iso queremos pronunciarnos diante do acontecido na confraría de pescadores onde se deu apenas hai uns meses un caso de violencia contra unha traballadora, xulgado e probado nos tribunais e, neste senso acordamos:

1. Amosar o noso rexeitamento á conversión en fixo dun empregado condenado no xulgado por acoso a unha compañeira obrigando á vítima a compartir no futuro un posto de traballo co culpábel.
2. Instamos á Confraría a reflexionar sobre o acordo tomado que dalgún xeito supón desprotexer a quen debería ser protexida, premiar a quen debería ser condenado.
3. Dar traslado destes acordos á Confraría de Pescadores de Rianxo.

10 MOCIÓN PSOE: CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos os días do ano deberían ser como o 25 de Novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

O Grupo Socialista quere manifestar o seu firme compromiso coas mulleres vítimas deste mal social que debe ser erradicado. E para iso necesitamos o compromiso individual de toda a cidadanía, homes e mulleres, e o compromiso colectivo de toda a sociedade; non un só día, senón todos os días do ano. A violencia machista interpélanos a todos e todas e a nosa obriga é combatela con todos os medios, empezando polas administracións, cada unha dende as súas competencias.

Para o PSOE, garantir unha vida libre de violencia para as mulleres, as súas fillas/os, é un obxectivo prioritario. Non seremos unha democracia plena mentres existan mulleres ameazadas e inseguras e mentres algunhas destas mulleres acaben asasinadas.

A violencia de xénero non ten cabida na sociedade que queremos ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obriga. As mulleres teñen dereito a vivir en liberdade e a que as súas vidas non estean en perigo polo feito de ser mulleres.

O combate contra a violencia machista e a atención ás vítimas non poderá avanzar se non se establecen mecanismos de coordinación entre as diferentes administracións con competencias na materia. Todas as institucións han de remar xuntas nese obxectivo, por enriba de formulacións políticas e estratexias. E para que iso sexa posible, hai que dotar ás administracións dos recursos económicos e do persoal especializado que se require.

O Congreso e o Senado aprobaron hai un ano as medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cun amplo consenso entre todos os grupos políticos.

Na reunión da Conferencia Sectorial de Igualdade celebrada o pasado 31 de xullo, á que tamén asistiron representantes da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), acordáronse, por unanimidade, os criterios para o reparto dos 100 millóns de euros, correspondentes ás Comunidades e cidades Autónomas, previstos no Pacto de Estado, e distribuíuse o fondo procedente da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero de 9,5 millóns de euros. Do mesmo xeito, aprobáronse os criterios para o reparto dos 20 millóns de euros contemplados para os Concellos.

O 3 de Agosto aprobouse un Real Decreto Lei que xa foi convalidado, por unanimidade, no Congreso dos Deputados, que:

Devolve as competencias aos Concellos na promoción da Igualdade e a loita contra a Violencia de Xénero, e establece o reparto dos 20 millóns de euros comprometidos no Pacto, que se dobrarán até 40 millóns no próximo ano. Os Concellos son unha peza imprescindible nesta batalla, o primeiro recurso e, en ocasións, o único que teñen ao seu alcance as vítimas.

Modifica a Lei Integral contra a Violencia de Xénero para mellorar a asistencia nos procesos xudiciais e facilita o acceso aos recursos de asistencia, ao introducir que a acreditación de situacións de violencia poida realizarse a efectos administrativos mediante informe dos servizos sociais ou dos servizos de acollida. Desta maneira facilítase o acceso a dereitos laborais e ás prestacións da Seguridade Social.

Modifica o Código Civil para que os menores expostos á Violencia de Xénero só necesiten o permiso dun proxenitor para recibir atención psicolóxica. Un maltratador non pode ser un bo pai.

Este Decreto-Lei está a ser tramitado no Congreso dos Deputados como Proxecto de Lei, tal e como expuxo o Goberno, co obxectivo de que se poidan incorporar ao mesmo o resto de medidas do Pacto de Estado que requiren modificacións legais.

Doutra banda, volveuse a pór en funcionamento o Observatorio de Saúde das Mulleres. Tamén se previu solucións habitacionais para mulleres vítimas de Violencia de Xénero dentro do Plan Estatal de Vivenda. E o próximo curso escolar contará con materias en valores e dereitos de igualdade.

Do mesmo xeito, nestes momentos, está a tramitarse no Congreso dos Deputados a Proposición de Lei do Grupo Parlamentario Socialista para reformar a Lei Orgánica do Poder Xudicial, co obxectivo de formar aos xuíces e maxistrados en materia de igualdade, así como para aumentar o número de xulgados do penal especializados en violencia machista.

Tamén, recentemente, o Congreso dos Deputados admitiu a trámite a Proposición de Lei do Grupo Parlamentario Socialista para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación, para avanzar na igualdade efectiva no ámbito empresarial e laboral.

Pola súa banda, no avance dos Orzamentos para 2019, o Goberno de España comprometeuse a financiar de maneira completa o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e a incrementar esta partida, de forma que os Concellos pasarán a percibir o dobre, é dicir 40 millóns de euros en 2019.

En definitiva, consenso, si, pero responsabilidade e celeridade, tamén. Urxencia, eficacia, lealdade ao Pacto de Estado e ó compromiso político.

Por todo isto, desde o Grupo Municipal Socialista de Rianxo propoñemos, para a súa aprobación

polo Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Que o Goberno continúe impulsando as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero nos ámbitos: educativo, social, xurídico, económico, de protección, de concienciación e de sensibilización social.
- 2.- Instar ás Cortes Xerais a axilizar todos os cambios legislativos impulsados polo Goberno para poder aplicar as medidas contidas no Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero o máis axiña posible.
- 3.- Que o Goberno inste ós medios de comunicación a evitar aqueles contidos que transmitan un estereotipo de relacións de parella baseado en comportamentos machistas.
- 4.- Dar traslado ao Presidente do Goberno, á Vicepresidenta do Goberno e Ministra de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, e ao Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

11 MOCIÓN DE RIANXO EN COMÚN: APOIO Á PLATAFORMA DEFENDE A GALEGA

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Lonxe quedan os tempos nos que os medios de comunicación aparecían englobados nas industrias de carácter cultural, e parecían estar chamados a contribuír á toma de conciencia da poboación sobre as condicións nas que vivía a súa existencia, e ós resortes que facían que a realidade fora esa e non outra. Nestes tempos de postverdade e noticias falsas, os medios de comunicación son utilizados con apenas disimulo polos poderes fácticos, nomeadamente o económico, para manter o staus quo.

Nesta situación, unhas das "illas" que van quedando son os medios públicos, que como di a Lei 9/2011, "garantizan os valores de pluralismo, veracidade e accesibilidade a fin de contribuír á formación de unha opinión pública informada". Sabemos que estes termos son sempre suxeito de polémica e necesitan ser debatidos e reformulados, por eso nos parece tan importante a creación do consello de informativos, unha das principais demandas da plataforma.

A plataforma "Defende a Galega", que ten manifestado de xeito reiterado a súa imparcialidade Política e o seu único interese en reivindicar uns medios públicos que cumpran mellor coa función que lles asigna o propio Estatuto de Autonomía. Ademais non reivindicán o

recoñecemento de ningún novo dereito, piden que se cumpra a Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

O artigo 4 da citada lei recolle os principios inspiradores da mesma. O apartado h deste artigo enuncia como un dos seus principios, "A obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e a formación dunha opinión pública plural". Co fin de cumprir con este e co resto dos principios o artigo 36. 2 di: "O estatuto profesional contemplará a creación dun consello de informativos como órgano interno de participación dos profesionais da información da Corporación RTVG, á fin de velar pola independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos difundidos por tódalas súas canles".

Por outra banda, inciden as traballadoras e traballadores no risco real de desmantelamento da entidade pública. Fundamentan ese risco no peche das delegacións da TVG existentes ata hai poucos anos, na eliminación das desconexións da Radio Galega, na desaparición do Diario Cultural, ou na cada vez máis escasa produción propia.

En relación a estes dous últimos aspectos, o citado artigo 4. onde se recollen os principios inspiradores da lei, no seu apartado b di: "A promoción e difusión da cultura e a lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galicia", e o c "O fomento da produción audiovisual propia e de emisións que axuden á proxección de Galicia no exterior e de información ás comunidades galegas no exterior.

O vindeiro 16 de decembro cúmprense sete anos da publicación da lei no Diario Oficial de Galicia, pensamos que non é sen tempo que se solicite o cumprimento da mesma

Por todo o exposto propoñemos ó pleno da corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia ao cumprimento integro da Lei 9/2011 dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisuais de Galicia, garantindo a creación do Consello de informativos tal como recolle dita lei.
- Manifestar o noso apoio á plataforma "Defende a Galega" e as/os profesionais de CRTVG e CRTVE-Galicía nas súas reivindicacións por un traballo libre e independente.
- Dar traslado dos acordos ao Goberno da Xunta e a plataforma "Defende a Galega".

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), 4 votos en contra (dos 4 membros do grupo PP) e cero abstencións dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

12 MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: APOIO Á MOBILIDADE DO ESTUDANTADO RIANXEIRO

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De xeito xeral, o transporte escolar gratuito beneficia a aqueles rapaces e rapazas do concello que cursan Educación infantil e Primaria, ou Educación Secundaria Obrigatoria, que están matriculados nun centro escolar público, e que residen dentro da área de influencia do centro.

Porén, cando estes rapaces e rapazas chegan a niveis non obrigatorios como son a Formación Profesional Básica, os Ciclos Medios e Superiores de Formación profesional, o Bacharelato ou os estudos universitarios, teñen que pagar por desprazarse até o seu centro de estudos. Isto, sumado aos gastos de matrícula, material escolar, etc., supón un enorme esforzo, ou mesmo un custo prohibitivo, para moitas familias.

Dende o Grupo Municipal de Rianxo en Común, aínda que somos conscientes de que as competencias en materia de educación non lle corresponden aos concellos, pesamos que estes deben facer todo o posible para garantir o acceso á educación de tódolos seus veciños e veciñas. Nese sentido, apostamos por que o Concello de Rianxo destine parte do gasto anual en publicidade en diversos medios de comunicación, á subvención do transporte público para os alumnos e alumnas de niveis non obrigatorios que teñen que actualmente, teñen que asumir integramente o custo do desprazamento até o centro de estudos no que están matriculados.

Sabemos que algúns dos anuncios pagados a conta das arcas municipais son ineludibles, como poden ser os relativos a convocatorias de emprego público, porén non compartimos que permanentemente se adique diñeiro público a pagar campañas de publicidade institucional en medios públicos, e mesmo anuncio de actividades ou eventos nos que o concello é simplemente colaborador.

Por todo o anterior propoñemos os seguintes ACORDOS:

- Restrinxir as campañas publicitarias en medios de comunicación financiadas polo concello de Rianxo, a aqueles anuncios estritamente necesarios.
- Destinar ese gasto á creación dunha bolsa de apoio á mobilidade do estudiantado rianxeiro que cursa niveis non obrigatorios

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (3 dos membros do grupo PSOE, dos 4 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común), 6 votos en contra (6 dos membros do grupo BNG) e cero abstencións, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

13 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000013 e identificado pola pegada dixital:

-380935490

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>